

A AELG esixe que finalice a "vixilancia especial" contra as institucións literarias catalás

Publicado 23/09/2017 19:55:05 

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23 Sep. (EUROPA PRESS) -

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) manifestou publicamente a súa solidariedade coa Associació d'Escriptors en Llengua Català (AELC) e esixe que finalice a "vixilancia especial" contra as institucións literarias catalás --Institució de les Lletres Catalanes e o Servei de Biblioteques da Generalitat--.

"Isto significa que teñen intervidas as contas e as partidas reservadas para as actividades, é dicir, dun golpe o Goberno central puxo a cero euros estas institucións, impedindo a realización das actividades culturais que lles corresponden", denunciou a AELG.

No caso concreto do Servei de Biblioteques suspéndense, tal e como relatou a AELG nun comunicado, actividades de fomento da lectura, xornadas profesionais, traballos do catálogo e do carné único ou a compra de libros.

"Desde a AELG expresamos o noso apoio e a nosa solidariedade cos escritores e escritoras cataláns e denunciemos esta persecución sen límites contra a cultura catalá. Non existe ningún motivo, ningunha razón, ningún argumento legal nin paralegal, que xustifique unha actuación que é contraria a un sistema que se autoproclama democrático", subliñou esta asociación.

A AELG esixe que "se poña fin á vixilancia especial" contra estas institucións e o que é "unha persecución contra a cultura e a lingua catalás".